

ANTES DE ACUDIR AO FORO DE EMPREGO

É importante que os días anteriores vaias preparando algúns aspectos e organices a túa visita ao foro. Con este obxectivo, ofrecémosche unhas pautas que cremos que poderán axudarche:

-Consulta ben o programa de [actividades](#) e selecciona con atención as charlas, mesas ou presentacións de empresas que mais che poden interesar, ben polo seu contido, ben pola proximidade ás túas aspiracións e expectativas profesionais.

-Organiza un horario e planifica a túa visita aos postos das empresas e [entidades](#) participantes, tendo en conta prioritariamente aquelas nas que o teu CV encaixe mellor coas opcións de prácticas ou perfís que demanden.

-Para obter a maior información posible sobre as [empresas participantes](#) consulta, ademais da información que aparece nesta páxina, a web das propias empresas e outra información que podas atopar noutros medios (outras web empresariais, asociacións profesionais, artigos de prensa sobre a actividade desas empresas...)

-Aínda que introduces o teu [CV](#) na base de datos do Foro de Emprego, é aconsellable que o leves tamén en varias copias nun documento impreso, así como algúns certificados acreditativos (fotocopias do expediente académico, diplomas de cursos de formación de interese..).

Ás veces pode ser útil levalo nun pen, pero lembra que non sempre vas ter a oportunidade de que o podan abrir e consultar nese momento.

Se aínda non o tes redactado ou queres comprobar que non esqueces nada, podes consultar [aquí](#) algún consellos para a elaboración do CV

-Recorda que en moitos dos postos van estar profesionais responsables dos departamentos de selección e aproveitarán para facer pequenas entrevistas, así como en algúns casos incluso organizaranse probas ou entrevistas de selección.

Así que é importante que coides a túa presentación, organices a túa documentación e fagas unha pequena reflexión tanto sobre

o que queres preguntar a cada empresa como o que cres que podes ofrecerlle.

Con esta finalidade, se non o fixeches xa, consulta os consellos que che ofrecemos para preparar unha [entrevista de traballo](#).

Ánimo e boa sorte!